

PAUL MORAND

Venecias

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Toda existencia é unha carta expelida anonimamente. A miña leva tres cuños: París, Londres, Venecia. Alí quixo a sorte que me establecese, polo xeral sen contar comigo, mais dende logo tampouco ao chou.

Venecia resume no seu constrinxido espazo o meu paso pola terra, tamén no medio do baleiro, entre as augas fetais e as da lagoa Estixia.

Canto ao planeta, desencanto é o que sinto, agás con Venecia, agás con San Marcos, mesquita cun pavimento inchado e en declive que semella feito de alfombras de oración xustapostas. Coñezo San Marcos dende sempre grazas a unha acuarela pendurada na parede do meu cuarto cando neno: unha grande augada pintada polo meu pai, contra 1880 –escuro, sepia, tinta chinesa–, dun romanticismo tardío, na que o vermello das lámpadas do altar atravesa as bóvedas de sombra dourada, onde as raiolas do crepúsculo clarean unha tarima adobiada cun turbante. Do meu pai posúo tamén un óleo pequeno, unha visión da Salute dun tempo gris, dunha estraña agudeza visual, que habería ficar comigo para sempre.

«É despois da choiva cando cómpre ollar para Venecia», repite Whistler. É despois da vida cando regreso para me contemplar nela. Venecia baliza os meus días do mesmo xeito que as estacas de cabeza alcatranada balizan a súa lagoa. Non é máis ca unha de tantas perspectivas. Venecia

